



27 de outubro de 2008

Curso 2008/09 nº 7

boletin@edu.xunta.es



BOLETÍN INFORMATIVO

Alumnado procedente do estranxeiro

Estanse a enviar aos centros educativos os recursos para a acollida e escolarización do alumnado procedente do estranxeiro.

- Guía do sistema educativo de Galicia publicada en dez idiomas.

- Guía de comunicación básica, na que se recollen preguntas frecuentes en dez idiomas.

- Modelos de documentos de

uso habitual nos centros.

- Sinalética

Dispoñible na rede:

- Dicionarios e tradutores.

- Dicionario visual interactivo.

Todo o material se atopa en <http://www.edu.xunta.es>, sección "Atención á diversidade".

[Acceso](#)

[Acceso ao dicionario visual](#)



Revistas educación CCAA

[Revista Galega do Ensino](#)

[Revista do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte](#)

[Revista Matemáticas do goberno vasco](#)

[Revista Bibliotecas Escolares de Asturias](#)

[Revista Educar Castilla la Mancha](#)

[Revista Andalucía Educativa](#)

Axudas para a realización de rutas literarias durante o ano 2009

No DOG nº 205 do mércores 22 de outubro sae publicada a Orde do 3 de outubro pola que se convocan axudas para a realización de rutas literarias durante o ano 2009. Convó-

cense 96 axudas que se levarán a cabo nas datas comprendidas entre o 15 de febreiro e o 15 de xuño de 2009. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a

partir do mesmo día da súa publicación.

Escolas viaxeiras durante o ano 2009

No DOG nº 207 do venres 24 de outubro sae publicada a Orde do 15 de outubro de 2008 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2009. Convócanse 540

axudas (36 grupos) destinadas a alumnado que estea cursando 4º, 5º e 6º de educación primaria en centros de réxime xeral. Levaranse a cabo entre o 15 de marzo e o 15 de xuño (primeira quenda) e entre o 27

de setembro e o 30 de novembro (segunda quenda). O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.



Premios a proxectos de normalización lingüística

No [DOG nº 207](#) do venres 24 de outubro sae publicada a Resolución conxunta do 26 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa e da Secretaría Xeral de Política

Lingüística, pola que se resolven os premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no

curso 2008-2009 e convocados pola Resolución do 7 de maio de 2008.



Premio nacional de literatura infantil e xuvenil

Agustín Fernández Paz foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil correspondente ao ano 2008 pola súa obra *O único que queda é o Amor*.

[Máis información](#)



CEIDA programas de educación ambiental



Dende o centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), con sede no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), lévanse a cabo programas de educación ambiental e exposicións de préstamo. As exposicións poden ser solicitadas

polos centros de ensino por un período de 15 días. A cesión da exposición gratuíta.

Acceso: [Programas de Educación Ambiental](#)

Acceso: [Exposicións de préstamo](#)



Resolución das axudas económicas dirixidas a asociacións e fundacións

No [DOG nº 208](#) do luns 27 de outubro sae publicada a Orde do 15 de outubro pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas dirixidas a asociacións e fundacións

con fins pedagóxicos para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2008.

Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticas

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>




Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegas
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)